

## **A Facultade de Ciencias da Educación da USC (1974-2024). Vivencias do xurdimento dos estudos universitarios de Ciencias da Educación en Galicia**

Luis-Martín Sobrado Fernández<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, España

### **Resumo**

A creación e implantación dos estudos universitarios de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) foi un proceso arduo e complexo, realizado nun contexto de transición social e política entre a ditadura franquista e a democracia en España. Estes estudos teñen precedentes na creación da Escola Normal Superior en 1849 e na Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos en 1933.

En 1969, coa aparición do Libro Branco da Educación, constituíronse os Institutos de Ciencias da Educación. A Lei Xeral de Educación de 1970 integrou as Escolas Normais nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado. O Plan Educativo de Galicia de 1970 propiciou a creación dunha Sección de Psicopedagogía na Facultade de Filosofía e Letras da USC, precursora dos estudos de Ciencias da Educación.

En 1973, o profesor Carlos Baliñas propuxo a creación da Sección de Filosofía e Ciencias da Educación e superou con esforzo as resistencias iniciais. Co apoio do Reitor José Ramón Masaguer, que tiña unha forte sensibilidade cos estudos de Educación, conseguiron finalmente abrir un período de pre-matriculación para o curso "juliano" en 1974, cunha boa resposta estudantil. As clases comezaron o 8 de xaneiro de 1974.

O primeiro curso foi presencial en instalacións temporais con persoal docente interino e escasos recursos. No curso 1975-76 crease a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.

## INTRODUCCIÓN

No ano 2024 celébrase o cincuenta aniversario do comezo na Universidade de Santiago de Compostela dos estudos de Ciencias da Educación, iniciados oficialmente no mes de xaneiro de 1974.

Neste estudo coido facer reflexión, respecto a algunhas experiencias e feitos que ao meu xuízo influíron no nacemento da División de Filosofía e Ciencias da Educación na Universidade de Santiago de Compostela (naquelas datas a única existente en Galicia) como institución académica superior e xermolo do xurdimento posterior das Facultades de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía, como son nomeadas na actualidade.

Por razóns de experiencia persoal vou referirme brevemente aos precedentes a creación da referida División e especialmente ao primeiro trienio de funcionamento dela (1974-1976) coincidindo coa implantación do primeiro ciclo universitario de tres cursos académicos.

## PRECEDENTES DOS ESTUDOS PEDAGÓXICOS UNIVERSITARIOS EN GALICIA

Como antecedente lonxano no tempo ao establecemento dos estudos universitarios de Pedagogía en Galicia no 1974 é preciso nomear o Real Decreto de 1849, do goberno de Narváez pola que se creaban en España Escolas Normais Superiores en dez capitais de distrito universitario, entre as que se atopaba a de Santiago de Compostela. Non obstante hai que esperar aínda mais de cento vinte anos até a aprobación da Lei Xeral de Educación de 4 de agosto de 1970, na que se produciu oficialmente a integración administrativa na Universidade de Santiago de Compostela das cinco Escolas Normais de Maxisterio públicas existentes entón en Galicia (catro nas capitais galegas de provincia e a de Santiago de Compostela como cabeceira do distrito universitario galego).

Outro feito histórico salientable, dende a perspectiva cultural e socioeducativa galega, é a creación en 1934 da sección de Pedagogía no Seminario de Estudos Galegos, dirixida por Antón Díaz Rozas, Inspector de Ensino Primario de A Coruña. Ao amparo desta sección de estudos de ámbito pedagóxico fundouse o Laboratorio de Paidoloxía e Psicotecnia por Antón Iglesias Vilarelle, que foi o seu primeiro director, e polos mestres López Teixeira, Longa, Míguez e Fontenla.

O Libro Blanco de Educación de 1969 e a Lei Xeral de Educación de 1970 son os predecesores próximos da creación da División de Filosofía e Ciencias da Educación, pois aínda que se elaboraron no *tardofranquismo* contiñan algunhas ideas básicas de reforma para mellorar o sistema educativo español a través de novos métodos pedagóxicos.

No Libro Blanco referido, prevese a preparación pedagóxica do profesorado de ensino medio a través dos Institutos de Ciencias da Educación (ICE), creados oficialmente no ano 1969 e implantándose en todas as Universidades españolas. Ademais adícase un apartado do mesmo á Investigación Educativa, feito novidoso, orientándose a acción dos ICE como unidades nos que se xuntan a docencia e a investigación con vencellamento estreito entre a actividade científica e os problemas reais do ensino.

A Lei Xeral de Educación de 1970 presupón a materialización legislativa das ideas precedentes do Libro Blanco e se concretizan en accións institucionais como son a integración das antigas Escolas Normais de preparación do Maxisterio Primario en Escolas Universitarias de Formación do Profesorado do Ensino Infantil e Primario para transformarse, histórica e legalmente, en estudos universitarios de primeiro ciclo.

Outra experiencia educativa senlleira é o Plan Galicia de Educación, elaborado polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC, 1970) a través do seu Gabinete de Planificación, na que colaborou especialmente a Universidade de Santiago de Compostela xunto con outras moitas entidades e institucións galegas. Na edición do libro, que desenvolve o Plan devandito, expónse unha visión xeral da situación da educación en Galicia e descríbense os diversos niveis educativos da Lei Xeral de Educación de 1970 na Comunidade Galega.

Como visión anticipadora á institucionalización en 1974 dos estudos universitarios da División de Filosofía e Ciencias da Educación, indícase no contido do devandito Plan Galicia que se deberían incrementar as seccións das Facultades de Ciencias e de Filosofía e Letras, tendo en conta a porcentaxe dos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela (a única galega de entón) en relación coa total española. A conclusión era que debería potenciarse as Facultades universitarias existentes a través da creación de aquelas seccións que se precisaren. Estimábase convinte crear na Facultade de Filosofía e Letras, ademais da sección de Linguas Clásicas, a de Psicopedagogía e de Filosofía.

No mentado Plan Galicia de Educación valórase asemade que sería de grande utilidade o labor a facer polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago creado en 1969, tanto en materia dos plans de estudo como da formación e perfeccionamento do profesorado (ICE, 1975). Como curiosidade, nun anexo do Plan Galicia de Educación figura a consecución dun préstamo do Banco Mundial ao Goberno español, en virtude dunha negociación conxunta no mes de marzo de 1970 para a financiación dun programa de construcións de edificios docentes, entre os que figuraba a do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago para unha matrícula previsible de 300 alumnos, cunha superficie total de 2235 metros cadrados e un coste de 25.360.000 millóns de pesetas (160.000 € actuais aproximadamente). Por diversas circunstancias e motivos, a realidade é que hoxe, despois de 54 anos, o ICE non ten aínda edificio propio.

## **XESTIÓNS INTRAUNIVERSITARIAS E CONTACTOS POLÍTICO-SOCIAIS PARA A CREACIÓN DA DIVISIÓN DE FILOSOFÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

No ano 1973, o Ministerio de Educación e Ciencia creou tres Divisións na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago que foron as de Filoloxía, Historia e unha terceira que incluía as Seccións de Filosofía e Ciencias da Educación. Implantáronse automaticamente as dúas primeiras, que xa viñan funcionando con plans de estudos diferentes dende o primeiro curso, pero non se puido poñer en funcionamento a División de Filosofía e Ciencias da Educación por non existir aínda na USC ningunha das Licenciaturas destes estudos. Neste ano sómentes tres Universidades públicas españolas: Complutense de Madrid, Barcelona e Valencia tiñan creados os estudos de Filosofía e Ciencias da Educación e eran entón tamén candidatas a eles as de Santiago de Compostela, Salamanca, Oviedo e Valladolid.

Diante desta situación, era urxente facer as xestións correspondentes e o profesor Carlos Baliñas, como Catedrático na Facultade de Filosofía e Letras da USC, fixo unha solicitude dirixida ao Decano desta Facultade, Ramón Otero Túñez para que o asunto da creación dos novos estudos de Filosofía e Ciencias da Educación foran engadidos na orde do día correspondente da Xunta de Facultade devandita. Algúns profesores desta Facultade de Filosofía e Letras non eran partidarios de novos estudos con licenciaturas, polo temor a que diminuísen os recursos económicos dela e alegaban, por exemplo, que non se debería

cursar a solicitude destes porque non se dispuña de edificios e instalacións *ad hoc*. Para obviar esta cuestión, Carlos Baliñas, promotor da nova División de Filosofía e Ciencias da Educación, solicitou á Dirección Xeral de Ensino Primario do Ministerio de Educación e Ciencia, rexentada por Eugenio López e López, que respostou afirmativamente, a cesión provisoria do edificio que se estaba entón construindo na Avenida de Xoán XXIII de Santiago para a Escola de Maxisterio desta cidade, ubicada anteriormente no Pazo de San Xerome e da que foi desprazada a un edificio provisorio do Burgo das Nacións para ser dito Pazo a nova sé do Reitorado da USC.

Carlos Baliñas presentou o escrito correspondente na Xunta respectiva de Facultade de Filosofía e Letras e despois diso ningún membro da mesma amosou oposición á solicitude da creación da nova División de Filosofía e Ciencias da Educación.

A Xunta de Goberno da USC aprobou no ano 1973 a referida petición da Facultade de Filosofía e Letras e a continuación o profesor Carlos Baliñas elaborou o expediente correspondente para remitir ao Ministerio de Educación e Ciencia ao que debía axuntarse un formulario. Un dos requisitos era un informe no que constase que en Galicia estivese a medrar o numero de xoves e como entón non existía ningún organismo estatístico que facilitase ese dato deixouse de cumprimentar ese ítem e no seu lugar enviou cartas de profesores de prestixio avalando a solicitude, entre elas as dos profesores Carlos París, Sergio Rábade, Montero Moliner, Puy Muñoz etc., (Baliñas, s/d).

Ademais do rol relevante de Carlos Baliñas, outro persoeiro determinante, ao meu xuízo, foi o profesor José Ramón Masaguer, tanto na creación da División de Filosofía e Ciencias da Educación, como denantes na implantación do Instituto de Ciencias da Educación dende a súa constitución inicial en 1969, no que foi o seu primeiro director. O seu nomeamento como Reitor da USC no 1972 foi providencial para a creación dos estudos universitarios de Ciencias da Educación. Nos anos 1967 e 1968 xa foi Director da antiga Escola de Formación do Profesorado de Ensino Medio e no 1969 do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado polo Ministerio de Educación e Ciencia. O profesor Masaguer, catedrático de Química Inorgánica da USC, demostrou naqueles anos unha grande sensibilidade e interés polos temas pedagóxicos (do que fun testemuño directo) a través dunha Comisión de Educación de Galicia que presidía como Director do ICE, con xuntanzas periódicas en Santiago de Compostela, nas que participaban os Directores/as das Escolas Normais de Maxisterio e as Xefaturas das Inspeccións Provinciais de Ensino Primario e Medio de Galicia. Promoveu, ademais, contactos internacionais da USC, coas Universidades americanas, especialmente coas Facultades de Educación de Stanford (California) e Madison (Wisconsin) de Estados Unidos de América (Casado, 2015).

O proxecto internacional SMS (Santiago-Madison-Stanford) consistiu nun programa piloto de perfeccionamento do profesorado de Ensino Primario e Secundario, aspirante a exercer en Centros piloto de educación en Galicia, segundo o convenio asinado o 20 de xuño de 1974 polo Goberno de España e o Banco Mundial sobre a base do coñecido como Plan Galicia de Educación (Ministerio de Educación e Ciencia, 1970).

Trátase dun programa desenvolto no ano 1974 no Colexio de Educación Básica de Campolongo na cidade de Pontevedra. Os Seminarios comúns impartidos foron os seguintes:

- a) Uso dos Medios Audiovisuais no Ensino.
- b) Programación e Avaliación Educativa.

No que se refire aos Seminarios optativos deseñáronse os que se expresan a continuación:

- 1) Creatividade.
  - 2) Bilingüismo.
  - 3) Orientación e titoría.
  - 4) Técnicas de aprendizaxe en equipo.
  - 5) Investigación educativa aplicada
  - 6) Técnicas de globalización educativa.
  - 7) Psicopedagogía.
  - 8) Didácticas Especiais: Lingua, Matemáticas, Ciencias Sociais, Física e Química e Inglés.
- A duración de cada Seminario era de 21 horas, con módulos de 1,50 horas, agás o de Medios Audiovisuais que foi de 42 horas, con sesións tamén de 1,50 horas.

O programa formativo realizouse do 1 ao 30 de xullo de 1974, cunha xornada diaria de 6 horas (3 pola mañá e outras 3 polo serán). Con anterioridade, houbo unha fase de deseño do programa (entre o 17 e o 28 de xuño) nas dependencias do ICE de Santiago de Compostela.

A avaliación do Curso e a redacción do informe final efectuouse no mes de agosto seguinte, tamén nas instalacións do ICE.

Entre o profesorado do programa sinalado figuraban os seguintes:

A) Universidade de Madison (USA).

Profesores; Golden, Kean, Krasno e Samborn.

B) Universidade de Stanford (USA).

Profesores: Porcel e Valadez.

C) Universidade de Santiago de Compostela.

Profesores: De Prado, Redondo, Rojo, Díaz de Rábago, Sobrado, Casado, Casalderrey, Rio Barja e Fagilde.

Otras Universidades:

Profesor: Villar Angulo, Universidad de Sevilla.

Asemade, o reitor Masaguer estivo naqueles anos moi interesado especialmente na creación da Sección de Ciencias da Educación na USC (que foi oficialmente a primeira da División de Filosofía e Ciencias da Educación).

Masaguer autorizou tamén ao profesor Carlos Baliñas, sen haberse recibido aínda o *placet* do Ministerio de Educación e Ciencia, que se abriera a finais de 1973 un prazo provisorio de matrícula de alumnado para observar se había demanda para realizar os estudos da División de Filosofía e Ciencias da Educación e a experiencia foi moi positiva.

## **IMPLANTACIÓN DO PRIMEIRO CURSO E CICLO DA DIVISIÓN DE FILOSOFÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN.**

O día 8 de xaneiro de 1974 escomenzaron as clases do primeiro curso, con dous grupos numerosos de alumnos, A e B, no baixo andar da Facultade de Medicina da USC en horario da tarde, dacordo co calendario "juliano", chamado así xa que fora aprobado polo entón Ministro de Educación e Ciencia, Julio Rodríguez e no que coincidía o ano académico co ano natural.

Foi unha experiencia moi breve e controvertida e só estivo en vigor ese curso, de xaneiro a setembro de 1974.

Especial importancia no xurdimento dos estudos universitarios de Ciencias da Educación tivo a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 13 de marzo de 1974 (B.O. do E. do 2 de abril) pola que se aprobaron as ensinanzas correspondentes á División de Filosofía e Ciencias da Educación, Sección de Ciencias da Educación, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, sendo pois a primeira das dúas posteriores de Filosofía e Psicoloxía. Esta creación ministerial fíxose tendo en conta a proposta do Decanato de Filosofía e Letras da USC, co informe favorable do Reitorado da Universidade.

As materias deste primeiro curso de 1974 eran de tres horas semanais de docencia cada unha, e o profesorado responsable de impartilas foi o seguinte:

- a) Historia da Filosofía Antiga e Medieval: Dr. Baliñas e profesor Domínguez.
- b) Lóxica: Profesor Villegas.
- c) Psicoloxía xeral: Dr. Morales.
- d) Introducción Empírica ás Ciencias da Educación: Profesor Sobrado.
- e) Lingua española: Profesora Milagros Fernández Pérez

Posteriormente a orde ministerial, mencionada con anterioridade, foi ampliada por unha segunda do 1 de agosto de 1974 (B.O.E. do 11 de setembro) pola que se crea a Sección de Filosofía, dentro da División de Filosofía e Ciencias da Educación.

Neste curso de 1974 o dirixente responsable desta División foi o profesor Baliñas, Catedrático de Filosofía que dispuña dun pequeno despacho no vetusto edificio chamado "López Ferreiro" (actual sé do Instituto da Lingua Galega) situado na praza da Universidade, e ademais contaba cun salón amplo para a Secretaría e os asuntos administrativos correspondentes. As clases impartíronse, como xa dixemos, na Facultade de Medicina con autorización do Decano desta Facultade.

Respecto da situación administrativa do profesorado só o Dr. Carlos Baliñas era funcionario do corpo de Catedráticos de Universidade, e os demais eran profesores non numerarios. Algúns que xa estaban en posesión do título de Doutor tiñan nomeamentos como profesores adxuntos interinos e os demais temporais como profesores encargados de curso con diversas modalidades A, B e C, segundo os grupos de alumnos aos que impartiran clase. O salario na categoría mais elevada era menos da metade do correspondente a un profesor numerario de Universidade, ademais de ter un carácter provisorio. Daquela (curso 1974-75), os profesores non tiñamos un despacho específico para a atención persoal ao alumnado, e tal atención había que desenvolvela na propia aula de clase ou noutros lugares (no meu caso no ICE da propia Universidade, onde estaba destinado como Xefe da División de Orientación Escolar e Profesional, con nomeamento do 21 de decembro de 1973 polo M.E.C.).

O alumnado deste primeiro curso da División de Filosofía e Ciencias da Educación era de, aproximadamente, uns 200 estudantes, divididos en dous grupos (A e B). Agradaríame poder relacionar a súa totalidade pero sería moi exhaustivo, e ademais non dispoño do seu listado completo. Como unha pequena mostra menciono aos seguintes:

- María Xosé Agra Romero
- José Fernández Rey
- Miguel A. Santos Rego

- Agustín Godás Otero
- Gloria Seoane Pesqueira
- Emilio Cubera Pereira
- Emiliano Rivero Bandera
- Xesús Jorge Campos
- Xosé A. Fraga Boullosa
- Carmen Vázquez Alemán
- Xesús Freire Vecino
- María X. Sarandeses
- Olga Díaz Cadaveira
- Mercedes Pérez Noche
- Hipólito Merino Madrid.

## **POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SEGUNDO CURSO DA DIVISIÓN DE FILOSOFÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CURSO ACADÉMICO 1974-75).**

Segundo a normativa aprobada polo Ministerio de Educación para os novos plans de estudos universitarios, os cursos comúns do primeiro ciclo terían que implantarse progresivamente curso a curso.

Pola Resolución da Dirección Xeral de Universidades e Investigación do 21 de setembro de 1974 (B.O.E. do 19 de outubro) aprobouse o Plan de Estudos do primeiro Ciclo da División de Filosofía e Ciencias da Educación da USC. Para o primeiro curso son idénticas as materias do anterior e para o alumnado de segundo curso as previstas para as Seccións aprobadas de Ciencias da Educación e Filosofía, ase como o profesorado responsable de impartilas, son as seguintes:

- a) Historia da Filosofía Moderna e Contemporánea: Dr Baliñas e Dr. Barreiro.
- b) Antropoloxía: Dr. Sanmartín.
- c) Estatística Aplicada as Ciencias Humans: Profesor Rico.
- d) Fundamentos Biolóxicos da Persoalidade: Dr. López Nogueira.

Para o alumnado de Ciencias da Educación, Teoría da Educación: Profesor Sobrado. Para os estudantes de Filosofía, Idioma Clásico I. O horario semanal de cada materia era de 3 horas.

En canto a dotación de aulas para o curso 1974-75 o Reitorado adxudicou provisoriamente o edificio histórico de Fonseca á División de Filosofía e Ciencias da Educación; acababa de abandonalo a nova Facultade de Ciencias Económicas para trasladarse a un edificio propio. Este edificio renacentista estaba neses anos moi estartelado pois por el desfilaron anteriormente outros centros universitarios dun xeito provisorio, entre elas, as Facultades de Farmacia ou de Ciencias Económicas.

No mes de setembro de 1974 o Dr. Carlos Baliñas foi nomeado Vicedecano da Facultade de Filosofía e Letras, e no que atinxe á dotación de novos docentes neste curso académico incorporáronse os profesores Sanmartín, Dosil, López Nogueira, Doval, Rico, etc. Na Sección de Ciencias da Educación a nova materia de Teoría da Educación de 2º curso foi impartida polo profesor Luis Sobrado, que contaba cun só grupo de alumnos, complementando a súa docencia cun grupo de primeiro curso coa materia de 'Introdución Empírica ás Ciencias da

Educación'. Ademais, foi contratado o profesor Lisardo Doval para dous grupos de estudantes desta mesma disciplina de primeiro curso.

No ano académico 1974-75, por orde de 5 de decembro de 1974 (B.O.E. do 25) implantáronse na Facultade de Filosofía e Letras da USC as ensinanzas correspondentes a Sección de Psicoloxía da División de Filosofía e Ciencias da Educación e por Resolución da Dirección Xeral de Universidades e Investigación de 17 de xaneiro de 1975 (B.O.E. de 7 de marzo), a proposta do Decanato da devandita Facultade, inclúense as seguintes materias obrigatorias para o alumnado da Sección de Psicoloxía: Psicodiagnóstico de 2º curso (a cargo do profesor Domingo Gómez) e Historia da Psicoloxía e Psicometría, para o terceiro ano académico con tres horas semanais cada unha delas.

Respecto ao uso provisorio de edificios e espazos para os novos estudos da División de Filosofía e Ciencias da Educación foi unha constante a carencia dos mesmos nos primeiros anos de funcionamento. Foi por iso que o responsable académico dela, profesor Carlos Baliñas, efectuou intentos varios e infructuosos como foron as xestións coas institucións relixiosas de Santiago de Compostela, que dispuñan de instalacións amplas, tales como o mosteiro beneditino de San Paio de Antealtares, as monxas Mercedarias e as Dominicás de Belvís, pero a resposta foi que non tiñan locais baleiros. Por outra banda, existía o edificio anexo da Escola de Maxisterio de Santiago de Compostela, situado na Avenida Xoán XXIII desta cidade, solicitándose á Dirección Xeral de Ensino Primario do Ministerio de Educación e Ciencia a súa autorización; contabase co placet do seu Director Xeral Eugenio López, como xa se mencionou anteriormente, pero estaba aínda en construción e as obras tardaron algún anos mais en rematarse por algunhas novas dificultades administrativas xurdidas.

A demanda do alumnado destes novos estudos universitarios de Ciencias de Educación, Filosofía e Psicoloxía continuou en liña ascendente no primeiro curso e as expectativas para o futuro eran optimistas malia os atrancos e complexidades manifestas, expostos con anterioridade.

Neste ano académico, o profesor Carlos Baliñas, Vicedecano da Facultade, entrevistouse co profesor Luis Sobrado comunicándolle que recibira instrucións do Ministerio de Educación e Ciencia para dotar a División de Filosofía e Ciencias da Educación de tres prazas docentes de Profesor Agregado de Universidade, unha por cada Sección e indicoulle que sería necesario a proposta urxente (para cursala ao Ministerio de Educación e Ciencia) dun Catedrático de Universidade de Pedagogía con prestixio académico para presidir o tribunal correspondente. Tras comentar este feito co compañeiro profesor Lisardo Doval suxeriuselle ao Dr. Baliñas o nome de Víctor García Hoz, Presidente da Sociedade Española de Pedagogía e catedrático de Pedagogía Experimental da Universidade Complutense (o mais antigo de Pedagogía de España en servizo activo), e que coincidía tamén como Director da súa Tese de Doutoramento, o que facilitaba co mesmo as xestións persoais e administrativas correspondentes. O Ministerio de Educación e Ciencia aceptou a proposta feita e convocouse posteriormente o concurso-oposición para a praza docente de Profesor Agregado de Pedagogía Experimental da USC, a primeira da Sección de Ciencias da Educación desta Universidade.

## **IMPLANTACIÓN DO TERCEIRO CURSO E PRIMEIRO CICLO DA DIVISIÓN DE FILOSOFÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CURSO 1975-76).**

Neste novo ano académico iniciase o terceiro curso da implantación da División de Filosofía e Ciencias da Educación. Agora ben, dende a perspectiva normativa é preciso mencionar a orde ministerial de 15 de febreiro de 1975 (B.O.E. do 19 de setembro) pola



que se determina a división da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, a causa do incremento considerable de matrícula, en tres novas Facultades: Xeografía e Historia, Filoloxía, e Filosofía e Ciencias da Educación. Esta última está integrada polas Seccións de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía e como Decano dela o novo reitor Lucas Álvarez nomeou en Comisión ao profesor Baliñas, Catedrático de Filosofía. Neste novo ano académico houbo outro cambio de instalacións desta institución de recente creación, por decisión reitoral. A sé seleccionada foi un dos dous edificios da extinta Facultade de Filosofía e Letras, especificamente o da Praza de Mazarelos que historicamente fora o establecemento da orde dos xesuítas ata o século XVIII no que foran expulsados. Carlos III, rei de España de entón, concedeu a Universidade de Santiago de Compostela o edificio da residencia e a igrexa que a orde devandita tiña nesta cidade. Posteriormente, na segunda parte do século XIX, un terceiro edificio do conxunto xesuítico que fora con anterioridade o Noviciado da orde habilitouse a mediados deste século para ser o primeiro Instituto de Ensino Medio de Santiago de Compostela "Arcebispo Xelmírez" que estivo ubicado nel mais dun século até o ano 1965, que se trasladou ao edificio de San Caetano onde xa estaba situado tamén o Colexio Rexional de Xordos. As devanditas instalacións de Mazarelos van a depender a partir de entón da Facultade de Filosofía e Letras da USC como segunda sé da mesma.

Neste curso 1975-76 habilitáronse neste edificio da praza de Mazarelos os novos despachos do profesorado da recente Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, e mesmo aulas para impartir a docencia aos diversos grupos de alumnado da mesma. Como actividades académicas propias para a totalidade do Profesorado desta nova Facultade pódese sulñar a realización dun Seminario sobre a Escola de Frankfurt, coordinado polo Dr. Baliñas, Decano da mesma así como xuntanzas de convivencia, especialmente convidados na súa casa familiar de Vilarchan-Quireza (Cerdedo), iniciadas xa no curso anterior.

No caso da Sección de Ciencias da Educación, ademais de impartirse as materias específicas de primeiro curso (Introdución Empírica ás Ciencias da Educación) e de segundo (Teoría da Educación) en terceiro implantáronse dúas novas (Didáctica e Historia da Educación) cos grupos de alumnado correspondente.

Neste novo ano académico desenvólvese o terceiro curso do primeiro ciclo das Seccións de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía, e no caso da primeira o profesor Luis Sobrado encárgase da nova materia de Didáctica mentres que Herminio Barreiro, recentemente contratado, asume Historia da Educación. Asemade, diante do incremento do alumnado precísanse novas contratacións de profesorado para os cursos primeiro e segundo. Así, incorporase á Sección de Ciencias da Educación David de Prado (que está xa desempeñando funcións académicas no Instituto de Ciencias da Educación da USC) para impartir docencia da materia de Introdución Empírica ás Ciencias da Educación aos grupos de alumnado correspondentes ao primeiro ano da carreira.

A mediados deste curso 1975-76 toma posesión (unha vez superado o concurso-oposición correspondente) no cadro docente da Sección de Ciencias da Educación o Dr. Gonzalo Vázquez Gómez, do corpo de Profesores Agregados de Universidade, como profesor de Pedagogía Experimental. O profesor Vázquez, debido a compromisos docentes con outra Universidade, adquiridos anteriormente, solicita oficialmente unha licenza temporal por asuntos propios, séndolle concedida polo Reitorado. O profesor David de Prado, que desempeñaba interinamente a docencia nesa praza, continuou impartindo as clases correspondentes á mesma ata o remate do curso, atendendo nos anos seguintes as súas funcións docentes exclusivamente no ICE da USC. Do mesmo xeito, o profesor Luis Sobrado (que presentou a súa Tese de Doutoramento na Universidade Complutense de Madrid no mes de xullo de 1976) non continuou a súa docencia nesta Sección de Ciencias da Educación nos

seguintes cursos (despois de facelo dende o inicio nos cursos anteriores) para adicarse con exclusividade ás súas funcións académicas na División de Orientación Educativa e Profesional no devandito ICE da Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente, no curso 1987-88 reintegrouse de novo, xa como Profesor Titular de Universidade, á Facultade de Ciencias da Educación da USC, situada xa nas novas instalacións do Campus Universitario Sur.

## CONCLUSIÓNS MAIS RELEVANTES

A creación e implantación dos estudos universitarios de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía na USC, por primeira vez na Comunidade Galega, foi ardua e complexa nun escenario de transición social e política arriscado e difícil, como foi o paso da dictadura franquista a da restauración democrática en España.

Son varios os precedentes dos estudos universitarios de Pedagogía no noso país, caso da creación da Escola Normal Superior de Santiago de Compostela no 1849 para a formación de Mestres. Desde a perspectiva socio-cultural, e preciso tamén engadir a creación da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos no ano 1934.

Desde un ámbito histórico mais próximo aparece en 1969 o Libro Blanco de Educación, no que se prevé a preparación pedagóxica do profesorado de ensino medio e os Institutos de Ciencias da Educación, creados tamén nese mesmo ano.

A Lei Xeral de Educación de 1970 supuxo a integración das Escolas Normais de Maxisterio en Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de Ensino Primario, que son xa estudos universitarios do primeiro ciclo. Por outra banda, o coñecido como Plan Galicia de Educación, de 1970, coida xa conveniente a creación na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela dunha Sección de Psicopedagogía, antecedente do que sería catro anos despois a de Ciencias da Educación.

Todo iso representou a xeración dun caldo de cultivo axeitado e propicio para o xurdimento dos estudos universitarios das Ciencias da Educación na USC en 1974. No ano anterior o Ministerio de Educación e Ciencia creou na Facultade de Filosofía e Letras desta Universidade a Sección de Filosofía e Ciencias da Educación, sen que aínda poidera implantarse ao non existir ningunha licenciatura destes estudos.

En 1973, o profesor Carlos Baliñas, Catedrático da Facultade de Filosofía e Letras, solicitou ao seu Decano que incluíra na orde do día da Xunta de Facultade a creación desa Sección pero algúns profesores da mesma opuxéronse coa desculpa de que non se debería cursar a solicitude ao Reitorado ao non dispoñerse de edificios e instalación axeitadas para elo. Neste interese lexítimo do profesor Baliñas por eses novos estudos de Filosofía e Ciencias da Educación, motivado por ser Catedrático de Filosofía da Facultade de Filosofía e Letras da USC (desde o ano 1970 no que tomou posesión) influía, asemade, a necesidade de ampliar tamén os estudos da súa mesma especialidade.

Tratouse dunha acción estratéxica na que contou coa grande colaboración de José Ramón Masaguer, Reitor da USC, moi sensibilizado especialmente polos estudos universitarios de Ciencias da Educación desta Universidade xa desde os seus postos anteriores como Director da Escola de Formación do Profesorado de Ensino Medio (1967 e 1968), e mesmo desde o ano 1969 (cando foi nomeado Director do Instituto de Ciencias da Educación) até 1972, período no que promoveu as súas relacións coas Facultades de Educación das universidades norteamericanas de Stanford, no Estado de California, e Madison no de Winsconsin, relacións que posteriormente consolidou como Reitor da USC entre 1972 e 1974. Froito destes

contactos foi o desenvolvemento no ICE do proxecto piloto SMS (Santiago-Madison-Stanford) de perfeccionamento do profesorado de ensino primario e secundario de Galicia (ICE, 1975).

De grande importancia foi, ademais, a autorización do Reitor Masaguer ao profesor Baliñas (como promotor da creación da División de Filosofía e Ciencias da Educación) para que procedera coa apertura dun prazo provisorio de pre-matriculación do alumnado interesado en cursar estes novos estudos, mesmo sen terse recibido aínda a resposta do Ministerio de Educación e Ciencia. Houbo unha demanda moi satisfactoria do alumnado neste período de pre-matrícula, o que propiciou o comezo dos estudos.

Os novos estudos da División de Filosofía e Ciencias da Educación principiaron realmente o 8 de xaneiro de 1974 coas clases na Facultade de Medicina de primeiro curso, con dous grupos numerosos de estudantes. De seguido, pola Orde do Ministerio de 13 de marzo de 1974 (B.O.E. do 2 de abril) estableceuse as ensinanzas correspondentes da Sección de Ciencias da Educación, da División de Filosofía e Ciencias da Educación, aínda Facultade de Filosofía e Letras da USC. Seis meses despois, por Orde ministerial de 1 de agosto do 1974 (B.O.E. de 11 de setembro) crease a segunda Sección de Filosofía dentro da División xa existente.

As instalacións administrativas e as docentes descritas foron provisorias e o profesorado no primeiro curso 1973-74 estaba integrado polos docentes da materia de Historia da Filosofía, coa Cátedra do profesor Carlos Baliñas e Guillermo Domínguez; de Lóxica o profesor Luis Villegas, de Psicoloxía Xeral o Dr. Morales, e Luis Sobrado, do ICE, como profesor da materia de Introducción Empírica ás Ciencias da Educación. A maioría dos profesores eran provisorios como encargados de curso, con retribucións baixas.

As funcións de dirección, secretaría e de asuntos administrativos da División devandita, perante o curso 1974, tiveron unha sé provisorio no vetusto edificio López Ferreiro, sé actual do Instituto da Lingua Galega e no seguinte ano académico 1974-75 a División estivo tamén con instalacións provisorias no vello edificio de Fonseca con incorporación dalgúns novos docentes, e no caso da Sección de Ciencias da Educación coa do profesor Lisardo Doval. Neste curso ampliouse a División de Filosofía e Ciencias da Educación coa nova Sección de Psicoloxía.

No curso seguinte, 1975-76, creouse a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, coas tres Seccións de Ciencias da Educación, Filosofía e Psicoloxía pola orde ministerial de 15 de febreiro de 1975 (B.O.E. do 19 de setembro). Neste novo ano académico houbo un cambio de instalacións docentes e administrativas de natureza provisorio, situándose no edificio universitario da praza de Mazarelos.

En canto ao profesorado da Sección de Ciencias da Educación, ademais dos docentes xa descritos con anterioridade, contratáronse novos profesores: David de Prado para impartir a materia de Introducción ás Ciencias de Educación en dous grupos de alumnos de primeiro curso, e Herminio Barreiro para a nova disciplina de Historia da Educación en terceiro. A mediados do ano académico 1975-76 tomou posesión o Dr. Gonzalo Vázquez, como profesor Agregado de Universidade despois de superar o concurso- oposición convocado o ano anterior.

En síntese, no período do trienio 1973-76 que se describe, as Ciencias da Educación acadaron o rango universitario pleno na USC e, consecuentemente, na Comunidade Galega; foron anos de intensa actividade política e social, de transición da ditadura franquista á democracia pero tamén de grandes ilusións e esforzos dalgúns dirixentes académicos como o do Reitor Masaguer e o Catedrático de Filosofía Dr. Baliñas como responsable académico da posta en funcionamento dos estudos da División de Filosofía e Ciencias da Educación, posteriormente Facultade.

E de subliñar, asemade, o clima de provisionalidade das instalación académicas e administrativas con cambios constantes ao longo dese trienio, coas dificultades e incertezas conseguíntes. Pero cómpre salientar, desde logo, a entrega e esforzo do profesorado destes estudos, con recursos docentes e económicos moi escasos, e tamén a colaboración do alumnado malia a masificación nalgúns aulas, a precariedade de medios docentes e unhas instalacións manifestamente insuficientes, o que provocou algúns conatos de rebelión estudantil, claramente esperable debido ás circunstancias existentes nun clima de inseguridade e continúa provisionalidade.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Baliñas, C. (s/d). Cómo se establecieron na Universidade de Santiago as ensinanzas de Filosofía, Ciencias da Educación e Psicoloxía. Santiago de Compostela. En María Luz Pintos: Memorias inéditas de Carlos Baliñas.
- Casado, J. (2015). Los primeros años del ICE de la Universidad de Santiago de Compostela. *Revista de Innovación Educativa* 25, 47-54.
- ICE (1975). Estudio piloto sobre cursos de perfeccionamiento para profesores de Educación General Básica y de Bachillerato (2 Volúmenes). Santiago de Compostela: Servicio de la USC.
- Ministerio de Educación y Ciencia (1970). Planificación de la Educación. Galicia. Madrid: Subsecretaría del M.E.C.